


5. OS TECIDOS



**OS TECIDOS
ANIMAIS**

**OS TECIDOS
VEXETAIS**




INTRODUCCIÓN

- As células que conforman ós organismos pluricelulares especialízanse en determinadas funcións e agrúpanse nos diferentes tecidos → A diferenciación celular
- Os tecidos presentan a vantaxe da división do traballo fisiolóxico.
- Ao especializarse, as células perden, en parte, a súa totipotencia, capacidade de realizar a totalidade de funcións.

OS TECIDOS VEXETAIS

- Os presentan as **plantas cormófitas** (plantas con organización corporal tipo cormo, plantas vasculares).



OS TECIDOS VEXETAIS

Podemos dividilos en dous tipos:

Os tecidos vexetais

- ✓ Os tecidos meristemáticos:
Meristemas primarios
Meristemas secundarios
- ✓ Os tecidos definitivos:
Os tecidos parenquimatosos
Os tecidos de soporte
Os tecidos secretores
Os tecidos protectores
Os tecidos condutores

OS TECIDOS VEXETAIS

OS TECIDOS MERISTEMÁTICOS OU MERISTEMAS

- Están formados por células pequenas que conservan a súa capacidade de división e diferenciación durante toda a vida da planta → Crecemento continuo
- Por división celular dan lugar ós demais tecidos vexetais.


Hay dous tipos:

- Meristemas primarios: responsables do crecemento en lonxitude da planta.
- Meristemas secundarios: responsables do crecemento en grosor.




OS TECIDOS VEXETAIS

Meristemas primarios

- O crecemento primario é o alongamento da raíz e do talo en lonxitude e a posterior transformación das células que formarán parte dos tecidos.
- Este crecemento débese a acción dos meristemas primarios (ápices da raíz, protexidos pola cofia e xemas do talo, tanto apicais como axilares).



MERISTEMO APICAL CAULINAR





PRIMARIO APICAL RADICULAR


OS TECIDOS VEXETAIS

Meristemas secundarios

- Provocan o crescimento em grosor da planta.
- Forman unha capa cilíndrica dentro do talo e das raíces máis vellas.
- Hai dous tipos:
 - **CÁMBIUM**: máis interno, orixina os tecidos condutores (xilema cara o interior e floema cara o exterior)
 - **FELÓXENO**: máis externo, orixina o parénquima cortical cara o interior e tecido suberoso cara o exterior)







TECIDOS VEXETAIS: TECIDOS DEFINITIVOS

GRUPOS	TIPOS	FUNCIÓN
Tecidos protectores	Epiderme Suberina Endoderma	Protexer e impermeabilizar
Tecidos fundamentais	Parénquima	Fotosíntese, almacén de amidón, auga, secreción, ...
Tecidos condutores	Xilema Floema	Conducir o zume bruto e o zume elaborado
Tecidos esqueléticos	Colénquima Esclerénquima	Sostén
Tecidos secretores	Tubos laticíferos Canales resiníferos Células aisladas: nectarios, Pelos urticantes, hidatodos, ..	Almacén de látex, auga, ... e a súa secreción

OS TECIDOS VEXETAIS

Tecidos definitivos ou adultos

- Fórmanse por división e diferenciación das células dos tecidos meristemáticos.

1. Os tecidos parenquimatosos (parenquimas) ou tecidos fundamentais



- Son os máis abundantes, xa que se sitúan entre os demais tecidos, enchendo os espazos entre eles.
- Están formados por células vivas, grandes, de formas diversas e con grandes espazos intercelulares, e con abundantes plastos e vacuolos.
- Teñen a capacidade de diferenciarse en outro tipo de células, especialmente cando a planta sofre danos.

OS TECIDOS VEXETAIS

Segundo a súa función, diferéncianse distintos tipos:

□ Parénquima clorofílico


- En follas e partes verdes dos talos.
- Nel realízase a fotosíntese, polo que contén moitos cloroplastos.



OS TECIDOS VEXETAIS

❑ Parénquima de reserva


- Almacena sustancias (amidón, grasas, proteínas, esencias, agua, ...)
- Localízase en distintos órganos: tubérculos, raíces, ...




OS TECIDOS VEXETAIS

☐ Parénquima acuífero e aerífero

- Os primeiros almacenan auga (vexetais de ambientes secos) e os segundos son máis característicos de plantas acuáticas ou de lugares moi húmidos (pl. hidrófitas)



Parénquima acuífero (cactus)



Parénquima aerífero (*Juncus* spp.)


OS TECIDOS VEXETAIS

2. Tecidos de sostén

- Tecidos que axudan á planta a manterse erguida.
- Poden ser de dous tipos:

☐ Colénquima


- É un tecido de sostén inmaduro (nas partes novas de plantas leñosas e en plantas herbáceas).
- Aparece formando filamentos na superficie dos talos e ao longo dos nervios das follas.
- Está formado por células vivas, alongadas e engrosadas con depósitos de celulosa.



OS TECIDOS VEXETAIS

□ Esclerénquima

- Está amplamente distribuído por toda a planta nos órganos adultos que xa non crecen.
- Está formado por células que cando son maduras están mortas, con paredes moi grosas e duras (lignificadas).
- Está formado por dous tipos de células:
 - **Esclereidas**: formas diversas
 - **Fibras**: alongadas



OS TECIDOS VEXETAIS

3. Tecidos secretores

- Segregan substancias tanto útiles como de refugallo.
- Poden ser:
 - Externos:
 - Localízanse na epiderme.
 - Expulsan as substancias ao exterior.
 - Internos:
 - Localízanse no interior da planta.
 - Almacenan as substancias segregadas no interior das súas células ou nos espacios intercelulares.

OS TECIDOS VEXETAIS

□ Tecidos secretores externos

■ NECTARIOS

Sobre todo en flores

Producen azúcares (néctar)


■ HIDATODOS

Situados próximos aos bordes e extremos das follas.

Descargan auga e substancias disoltas nela nun proceso denominado gutación, producida pola presión hídrica que chega dende a raíz.

■ PELOS URTICANTES

Segregan substancias irritantes, toxinas (acetilcolina, histamina, ...)



OS TECIDOS VEXETAIS



□ Tecidos secretores internos

■ CANLES RESINÍFEROS

Cavidades internas alongadas que acumulam resina para defenderse de insectos e fungos. (Coníferas)

■ TUBOS LATICÍFEROS

Poden estar formados por unha soa célula de forma tubular ou por varias células. Acumulan látex (emulsión de auga, sales, ácidos orgánicos, aceites, ...)



OS TECIDOS VEXETAIS


4. Tecidos protectores


- Recobren a superficie externa da planta e a protexen da desecación e da agresión de axentes externos.

□ EPIDERME



- ✓ Formada por unha única capa de células vivas, moi unidas entre sí, sen deixar espacios intercelulares.
- ✓ Non teñen cloroplastos e as súas paredes celulares son finas. Estas poden estar engrosadas pola parte externa con materiais lipídicos (cutina), formando unha capa impermeable = cutícula, á auga e ós gases (en follas e talos, non nas raíces) → Aparecen entón unhas estruturas = os **estomas** (no envés das follas principalmente) para o intercambio de gases, **pelos radicais** (na raíz) para a entrada de auga e sales minerais, **pelos** ou **tricomatos**, ...

OS TECIDOS VEXETAIS





Pelos o tricomas




OS TECIDOS VEXETAIS


□ ENDODERMA

- ✓ Localízase principalmente no interior da raíz, onde separa os feixes vasculares da codia.
- ✓ Formado por unha única capa de células vivas, con parte das paredes impermeabilizadas por lignina e suberina → **Banda de Caspary**




↓
Regula a entrada de auga e sales ao interior dos vasos condutores.

Raíz primaria de monocotiledónea





Raíz primaria de dicotiledónea






OS TECIDOS VEXETAIS

❑ SUBERINA OU CORTIZA

- ✓ Substitúe a epiderme nas plantas con crecemento secundario.
- ✓ Cuberta protectora formada por varias capas de células mortas, dispostas sen deixar ocos entre ela, e coas paredes impregnadas en suberina, substancia lipídica impermeabilizante (de líquidos, gases, fungos, ...) → **Lenticelas**



Estruturas que deixan espazos
libres por onde circula o aire



OS TECIDOS VEXETAIS

5. Tecidos condutores

- Formados por células dispostas en fileira (tubos), moi especializadas no transporte dos zumes polo interior da planta.
- Constitúen o sistema vascular, os tecidos vasculares e poden ser dous: xilema e floema.

❑ XILEMA ou TECIDO LEÑOSO

✓ Transporta o zume bruto (auga e sales minerais) dende a raíz ás follas e partes verdes da planta, onde se realiza a fotosíntese.

✓ Hai dous tipos:


Xilema primario (fórmase durante o crecemento primario, a partir do meristema apical)


Xilema secundario (fórmase no crecemento secundario a partir do cámbium)

✓ Está formado por tres tipos de células:

- **Tráqueas** ou **vasos leñosos**: células cilíndricas, dispostas en fila formando un tubo, unidas por **perforacións**.
- **Traqueides**: células longas e delgadas e impregnadas en lignina (confírelle dureza) Están dispostas oblicuamente e únense por **punteaduras** = zonas de paredes moi finas.
- **Fibras**: proporcionan soporte.

Elementos vasculares





OS TECIDOS VEXETAIS

☐ FLOEMA OU TECIDO LIBERIANO


✓ Transporta o zume elaborado (solución acuosa de compostos orgánicos obtida na fotosíntese) dende as follas e partes verdes a tódalas partes da planta.

✓ Hai dous tipos:


Floema primario (fórmase durante o crecemento primario, a partir do meristema apical)

Floema secundario (fórmase durante o crecemento secundario a partir do cambium)



- ✓ Está formado por:
- **Tubos cribosos**: células cilíndricas, vivas, sen orgánulos nin núcleo e cos tabiques engrosados e perforados (placas cribosas).
 - **Células cribosas**: células máis longas e delgadas, menos perforadas e cos tabiques máis oblicuos.
 - **Células acompañantes**: sitúanse pegadas ás células dos tubos mediante plasmodesmos para controlar o seu metabolismo.
 - **Fibras**: proporcionan soporte.




Tubos cribosos




TALO MONOCOTILEDÓNEA





TALO DICOTILEDÓNEA



OS TECIDOS ANIMAIS

- ✓ As células animais alcanzan maior grado de diferenciación que as vexetais
→ Tecidos animais máis diferenciados → Tecidos e órganos máis complexos e variados.
- ✓ Os tecidos animais están formados por células e por substancia intercelular (líquida, semilíquida ou sólida).
- ✓ Os histólogos clasifican aos tecidos en catro tipos fundamentais:

1. Tecido epitelial

2. Tecidos conectivos:

2.1. Tecido conxuntivo

2.2. Tecido adiposo

2.3. Tecido óseo

2.4. Tecido cartilaxinoso

2.5. Tecido sanguíneo

3. Tecido muscular

4. Tecido nervioso

OS TECIDOS ANIMAIS

1. Tecido epitelial

- Está formado por células poligonais ou prismáticas, adosadas unhas as outras, moi unidas entre sí, sen deixar espacios intercelulares.
- Poden ser:
 - Epitelios de revestimento
 - Epitelios glandulares

OS TECIDOS ANIMAIS

Os epitelios de revestimento

- Formas capas que cubren a superficie do corpo e revisten as superficies internas.
- Como os epitelios están sometidos a rozamento, as súas células están renovándose constantemente.
- Están separados do tecido conxuntivo subxacente por unha delgada capa = membrana basal.
- É avascular e obtén os nutrientes por difusión dende os vasos sanguíneos do tecido conxuntivo subxacente.
- Teñen función sobre todo protectora (tanto abrasión mecánica, química ou invasión bacteriana), diminución de fricción, absorción de substancias, sensibilidade, ...

SIMPLES

Epitelio simple escamosa






Lámina basal

Epitelio simple cúbico



Epitelio pseudoestratificado




Lámina basal

Epitelio simple prismático

Epitelio estratificado plano





Lámina basal



Epitelio estratificado plano queratinizado

Epitelio estratificado prismático





Lámina basal

Epitelio estratificado cúbico



ESTRATIFICADOS

Epitelio de transición




Lámina basal


OS TECIDOS ANIMAIS

- Podem ser de tres tipos:


□ Monoestratificado ou simple

- Unha soa capa de células:

- Células planas : Endotelio de vasos sanguíneos, alvéolos, ...
- Células cúbicas: Tapizan ovarios, tubos colectores, ...
- Células cilíndricas: Intestino delgado



vaso sanguíneo




alveolos del pulmón

OS TECIDOS ANIMAIS

❑ Pluriestratificado

Dúas ou máis capas de células:

- Células planas: epiderme (queratinizada), boca, esófago, vaxina ,...
- Células cúbicas: conxuntiva, condutos secretores.
- Células cilíndricas: farinxe, ano, condutos secretores.



glándula salivar sublingual, conducto excretor, epitelio estratificado cúbico




epitelio estratificado plano queratinizado

OS TECIDOS ANIMAIS

❑ Pseudoestratificado

Todas as células descansam sobre a membrana basal, pero só algunhas delas chegan a superficie.


Ex: Vías respiratorias (revestimento cavidade nasal, tráquea, bronquios) con células ciliadas e células caliciformes secretoras de moco.




OS TECIDOS ANIMAIS

Os epitelijs glandulares


- As súas células especialízanse na secreción de substancias.
- Forman parte das glándulas e xéranse a partir das células dos epitelijs de revestimento que se dividen e se afondan no tecido conxuntivo subxacente.
- Hai tres tipos de glándulas:
 - **Exócrinas**: Teñen un conduto secretor polo que liberan as súas secrecións a superficie externa ou ao interior de cavidades que se comunican co exterior (glándulas sudoríparas)
 - **Endócrinas**: Verten os produtos directamente ao sangue xa que non conteñen conduto secretor (tiroide)
 - **Mixtas**: Teñen unha parte endócrina e unha exócrina (páncreas)






pulmón, glándula exócrina

Glándula exócrina sebácea de un folículo piloso





glándula tiroides, glándula endócrina

OS TECIDOS ANIMAIS

2. Tecidos conectivos

- ✓ Son os máis abundantes nos animais.
- ✓ Teñen diversas funcións: unir, dar soporte, protexer, etc.
- ✓ Están formados en su maioría por substancia intercelular (matriz extracelular) e unha cantidade limitada de células pouco especializadas.
- ✓ Son cinco:
 - TECIDO CONXUNTIVO
 - TECIDO ADIPOSO
 - TECIDO ÓSEO
 - TECIDO CARTILAXINOSO
 - TECIDO SANGUÍNEO

2.1. Tecido conxuntivo


- Une e relaciona ós demais tecidos.
- Está moi vascularizado e ten moitas terminacións nerviosas.

➤ Elementos do tecido conxuntivo


Matriz extracelular		Células
Fibras	De coláxeno: flexibles e resistentes (as máis abundantes)	Fibroblastos: as máis abundantes. Son grandes e de forma variable (estrelada). Sintetizan as fibras e a substancia amorfa.
	De elastina: Delgadas e moi elásticas.	Histiocitos ou macrófagos: Fagocitan partículas extrañas (movemento ameboide)
	Reticulares: formadas por un tipo de coláxeno e dispostas en rede.	Mastocitos: albergan gran cantidade de gránulos que conteñen heparina, histamina, ...
		Adipocitos: almacenan lípidos.
Substancia fundamental amorfa: glicoproteica e semilíquida na que están inmersas as fibras e as células.		Células sanguíneas: linfocitos e plasmocitos (producen anticorpos).

➤ Tipos de tecido conxuntivo

Tecido conxuntivo laxo	Tecido conxuntivo denso	Tecido conxuntivo elástico
• Bastante acuoso. • Células, fibras e substancia amorfa en igual proporción. • Rico en elastina → Flexible	• Gran cantidade de fibras de coláxeno → Moi resistente mecánicamente e pouco flexible.	• Rico en fibras de elastina → Gran elasticidade (pode deformarse e voltar a posición orixinal).
☐ Serve de apoio aos epiteliros e enche ocos entre órganos (zonas que non requiren gran resistencia a tensións)	☐ Tendóns, cordas vocais, derme, ... (zonas con necesidades mecánicas de resistencia)	☐ Vasos sanguíneos, bronquios, ... (zonas con moitos estiramentos e contraccións)



Tecido conjuntivo laxo




tendón, conectivo denso




arteria elástica, fibras elásticas

2.2. Tecido adiposo

- As súas células son os adipocitos, grandes, esféricas e acumulan graxa no citoplasma.
- Actúa como reserva enerxética, illante térmico, amortecedor de golpes (palma da man, planta dos pés e rodeando órganos vitais)






mano, tegumento, piel gruesa


2.3. Tecido óseo

- Os ósos son tecidos conectivos vasculares, compostos por células e matriz extracelular calcificada, mineralizada, sólida (cristais de hidroxapatita de Ca), disposta en capas ou laminiñas.
- Ten dous compoñentes:
 - ┌ Inorgánico: fosfatos e carbonatos de calcio (dureza e flaxilidade)
 - └ Orgánico ou osteína: fibras de coláxeno e substancia amorfa (elasticidade).
- Funcións
 - ┌ - Sostén
 - ┌ - Protección dos órganos vitais (encéfalo, médula, ...)
 - ┌ - Almacenamento e regulación de minerais (interveñen no metabolismo do Ca e P)
 - ┌ - Permiten os movementos (neles inxírense os músculos)
 - └ - Hemopoiesis (xeración de células sanguíneas)

- Células:
 - Osteoblastos**
 - Osteocitos**
 - Osteoclastos**


- Os ósos están revestidos por tecido conxuntivo:
 - periósteo** e
 - endostio**





Epífises


Diáfises





➤ Tipos de tecido óseo

Tecido óseo esponxoso	Tecido óseo compacto
• Epífises dos ósos longos e interior dos osos curtos e planos.	• Diáfises dos ósos longos e exterior dos ósos curtos e planos.
• As laminiñas deixan ocos entre elas.	• As laminiñas non deixan espacios entre elas e dispóñense formando as osteonas ou sistemas de Havers.

ESTRUCTURA DEL TEJIDO ÓSEO








2.4. Tecido cartilaxinoso

- ✓ Forma parte do esqueleto que sostén as partes brandas do corpo (órganos), as superficies articulares dos ósos e o esqueleto fetal.
- ✓ A súa matriz extracelular, matriz cartilaxinosa, é sólida e nela están inmersas fibras (coláxenas e elásticas) e células.
- ✓ As células son os **condrocitos** e están aloxados nunhas cavidades (lagoas).
- ✓ É un tecido avascular e sen terminacións nerviosas.
- ✓ Todos os cartílagos están rodeados por unha membrana de tecido conxuntivo = **pericondrio**, ao que sí chegan os vasos sanguíneos, que nutren ós condrocitos por difusión. No pericondrio encóntranse un 2º tipo de células, os **condroblastos**, que segregan a matriz e orixinan os condrocitos.

➤ Tipos de tecidos cartilaxinosos

Cartilaxe hialina	Cartilaxe elástica	Cartilaxe fibrosa
• Abundante matriz con fibras de coláxeno moi finas	• Abundan as fibras elásticas	• Maior cantidade de fibras de coláxeno
• En articulacións, tráquea, embrión, ...	• En epiglote, orellas, ...	• En discos intervertebrais, meniscos do xeonllo, ...



tráquea, cartílago hialino




2.5. Tecido sanguíneo


- ✓ Está formado por unha matriz líquida na que están dispersas as células sanguíneas.
 - Matriz = plasma sanguíneo (90 % auga, e maioritariamente proteínas, como a albúmina ou o fibrinóxeno, aínda que tamén aa, lípidos, ...)
 - Células sanguíneas:

Glóbulos vermellos Eritrocitos Hemacias	Glóbulos brancos Leucocitos	Plaquetas
• Disco bicóncavo. • Célula modificada sen núcleo nin moitos orgánulos.	• Esféricos e incoloros.	• Fragmentos citoplasmáticos dunha célula da médula ósea, sen núcleo.
• Citoplasma con hemoglobina para o transporte dos gases respiratorios (O₂ e CO₂)	• Defenden ó organismo fagocitando patóxenos e producindo anticorpos.	• Interven na coagulación.

✓ Funcións do tecido sanguíneo

- Transportar o osíxeno e os nutrientes ás células e os produtos de refugallo que estas orixinan no seu metabolismo.
- Transportar hormonas aos órganos diana.
- Regular a temperatura corporal.
- Defender ao organismo de substancias estrañas, patóxenos, ...





Os máis abundantes
(60-70%)
**Infeccións
bacterianas.**

**Infeccións
parasitarias,
reaccións
alérxicas.**

**Actúan no
tecido
conxuntivo en
cooperación cos
mastocitos.**

**Convértense en
macrófagos.**

(20-35%)
**Responsables
da resposta
inmune.**


3. Tecido muscular


Está formado por células, chamadas **MIOCITOS** ou **FIBRAS MUSCULARES**.

Estas miofibrillas están constituídas por dúas proteínas principais: **ACTINA** e **MIOSINA**.


As fibras musculares son capaces de realizar contraccións e relaxacións rápidas. Este tecido permite o movemento do organismo:

- Movements ligados ao esqueleto por palancas.
- Movements de contracción do tubo dixestivo, vasos sanguíneos e outros órganos internos.
- Movements do corazón.






(a) Relaxed state



(b) Contracted state




TIPOS DE TEJIDO MUSCULAR

O tecido muscular clasifícase segundo o tipo de células presentes:

Tipos de tecidos musculares			
	Función	Inervación	Exemplos
Liso Células mononucleadas ahusadas	Contración non moi rápida, duradeira. Involuntaria	Sistema nervioso autónomo	En vasos sanguíneos. Tubo dixestivo Outros órganos internos
Estriado esquelético Células cilíndricas, moi longas plurinucleadas	Contración moi rápida, fuerte, discontinua. Voluntaria	Sistema nervioso central	Músculos esqueléticos
Estriado cardíaco Células alongadas, ramificadas e mononucleadas	Contración rítmica, vigorosa. Involuntaria	Xenera o seu propio latido. Involuntaria	Corazón


3.1 TECIDO MUSCULAR LISO



As células teñen forma de **fuso**, cun **núcleo central alongado**. Os manoxos dos microfilamentos de actina e miosina recorren a célula en tódalas direccións pero con maior frecuencia seguindo o eixe maior.

A **contracción non é moi rápida**, pero é **duradeira**, e é **autónoma** e está controlada polo sistema nervioso autónomo.

3.2. TECIDO MUSCULAR ESTRIADO ESQUELÉTICO



É un tecido formado por células **máis especializadas** cas que forman o tecido muscular liso.


Copyright © 2008 Pearson Education, Inc., publishing as Pearson Benjamin Cummings.



As **fibras musculares son cilíndricas e moi longas**. Poden conter ata centos de núcleos (**plurinucleadas**). Para facilitar a contracción, os núcleos e o resto de orgánulos localízanse na periferia celular.

As miofibrillas átopanse moi organizadas recorrendo a célula lonxitudinalmente. Ao microscopio teñen aspecto bandeado.

Os miocitos están rodeados dunha capa de tecido conxuntivo chamada **ENDOMISIO**.

As células agrúpanse formando manoxos rodeados de tecido conxuntivo laxo. O paquete muscular átopase logo rodeado dun tecido conxuntivo máis denso chamado **EPIMISIO**. Este exténdese hacia o interior formando tabiques entre o músculo denominados **PERIMISIO**.





3.3 TECIDO ESTRIADO CARDÍACO




Constitúe a musculatura do corazón, isto é, o **MIOCARDIO**. A súa misión é a **contracción das paredes do corazón, para bombear o sangue**.

As súas **CÉLULAS**, chámanse **fibras cardíacas** e son mono ou binucleadas, alongadas, ramificadas e unidas entre si polos **discos intercalares**. As mitocondrias son moi abundantes.

4. Tecido nervioso

É o tecido constituinte do sistema nervoso, tanto central (SNC) como periférico (SNP).

Está constituído por **NEURONAS**, células especializadas na transmissão de impulsos nerviosos e por outras células, muito mais abundantes, as **CÉLULAS DA GLÍA**.



Photomicrograph: Neurons (100x)







Diagram: Nervous tissue

As **NEURONAS** son células que posúen un alto grado de especialización. Cando están maduras non poden dividirse e o seu número está definitivamente establecido dende o nacemento. Estructuralmente presentan:



- **CORPO CELULAR OU SOMA.**
Contén o núcleo e as estruturas citoplasmáticas e os gránulos de Nissl, que son porcións de retículo endoplasmático rugoso modificado.
Do corpo celular parten dous tipos de prolongacións: **AXÓN E DENDRITAS**.
- As **DENDRITAS**, son prolongacións moi curtas, numerosas e arborescentes. Por elas chega o impulso nervioso á neurona (aínda que tamén pode chegar á membrana do corpo celular).
- O **AXÓN** soe ser único e longo (pode medir 1m). Cada ramificación termina nun **botón terminal** e é por aquí, por onde o impulso nervioso abandona a neurona.




As neuronas son **células independentes**.

Defínese a **SINAPSIS** como a conexión funcional entre neuronas ou tamén “é o paso do impulso nervioso do axón dunha neurona á dendrita (ou o corpo celular) da seguinte”.

As **CÉLULAS GLIAIS** “axudan” ás neuronas en diferentes aspectos. Son as seguintes:

NEURONS AND NEUROGLIAL CELLS



- **Células de Schwann e Oligodendrocitos** = conteñen abundante mielina e se enrolan arredor dos axóns formando a chamada vaina de mielina. Permiten unha maior velocidade de transmisión do impulso nervioso.
- **Microglía** = pequenas células moi ramificadas de aspecto espinoso. A súa función é defensiva.
- **Astrocitos** = células moi ramificadas. Encárganse da nutrición das neuronas.

